



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

# Programación de Fundamentos de Música Contemporánea



Profesor: David Durán Arufe  
curso 2021/2022





## Índice

---

<b>1.</b>	<b>Introdución.....</b>	<b>3</b>
<b>1.</b>	<b>Metodoloxía.....</b>	<b>8</b>
<b>2.</b>	<b>Atención á diversidade.....</b>	<b>10</b>
<b>3.</b>	<b>Temas transversais.....</b>	<b>11</b>
	3.1 Educación en valores.....	11
	3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	12
<b>4.</b>	<b>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....</b>	<b>13</b>
<b>5.</b>	<b>Secuenciación do curso.....</b>	<b>13</b>
	5.1 Curso: 6º do Grao Profesional.....	13
<b>6.</b>	<b>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....</b>	<b>23</b>
<b>7.</b>	<b>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....</b>	<b>24</b>
<b>8.</b>	<b>ANEXOS.....</b>	<b>25</b>
	8.1 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	25





## 1. Introducción

---

A proposta desta materia elabórase segundo o disposto na Orde do 23 de setembro de 2008 pola que se determinan as materias optativas das ensinanza profesional de música establecidas polo Decreto 203/2007, do 27 de setembro.

Esta materia optativa está adscrita ao departamento de tecla e vencéllese principalmente aos seguintes itinerarios:

- Interpretación
- Composición
- Musicoloxía

A formulación desta materia ven a fío doutra materia optativa que xa se ofertou no CMUS Profesional de Santiago durante o curso 2007-2008, “Música Contemporánea a través de técnicas non Occidentais”, naquel entón dirixida ao alumnado do 3º Ciclo do Grao Medio. O propósito da materia que agora se propón é completar os contidos anteriores para que incidan máis directamente nos aspectos curriculares relacionados coa especialidade do alumnado e sobre todo actualizar a materia nos aspectos que necesariamente están en continua renovación: elementos de vangarda da música do século XXI.

O baldeiro existente no ensino sobre a música contemporánea segue a ser moi preocupante. Esta é unha área que soamente se ve cuberta en casos moi puntuais, a miúdo abranguendo unha parte mínima e mediante enfoques superficiais. Dificilmente atoparemos nos centros de ensinanza musical alumnado interpretando ou cando menos familiarizado coas composicións de Edgar Varese, Olivier Messiaen ou John Cage, compositores que realmente hoxe xa non poden entrar dentro no termo de contemporaneidade e que forman parte xa dos clásicos da música moderna. Resulta mesmo alarmante se se pensa que dende algunhas das obras dos compositores





citados xa pasou un século e que porén toda a historia musical dos últimos cen anos así como a vangarda actual estean a pasar inadvertidas nos Conservatorios.

Todo este baleiro non fai máis que agravar aínda máis esa distancia existente entre o público e a música actual, así como a falta de compromiso de moitos intérpretes ca arte contemporánea. A evolución de todo estilo musical sempre necesita de intérpretes pioneiros que prestan dedicación á música do seu tempo, e é preciso ter moi presente que á calquera instrumentista faille falla unha preparación específica e coñecementos de novas técnicas e estéticas para poder abordar o repertorio contemporáneo. Xurde entón a necesidade de ofertar unha materia “Fundamentos de Música Contemporánea” ten como principal propósito proporcionar ao alumno esa formación específica completando así o seu perfil profesional.

Esta materia enfócase para poder analizar e interpretar obras de música contemporánea de, por exemplo de clásicos do século vinte como Xenakis, Boulez, Elliot Carter, Stockhausen ou mesmo Ferneyhough cun nivel moito maior de seguridade, emocionalidade e precisión tanto a nivel rítmico como microtonal. Pero tamén para estar alerta de diferentes correntes actuais (dende unha perspectiva internacional ata o panorama nacional) e da flexibilidade do intérprete actual, nun momento no que de cada compositor emerxen linguaxes propias e individuais que contemplan a miúdo o uso non convencional dos instrumentos.

Introducións e contextualizacións históricas ilustradas de audicións para que o alumnado teña unha aproximación completa a diferentes correntes compositivas dan paso a un traballo práctico comezando por un aspecto básico para os intérpretes: o ritmo. O ritmo é sen dúbida un dos elementos principais en boa parte do repertorio da música do Séculos Vinte e Vinte un, por iso, esta é en gran parte unha materia de “ritmo avanzado”, onde se dan as bases do sistema rítmico ‘Karnático’ -musica clásica del Sur de la India. Ademais do sistema rítmico, a música Karnática contén as claves para interpretar microtonalidade a través del sistema de *ragas* (escalas indias) e o seu posterior desenrolo. Nas clases provese ó alumno con técnicas concretas tomadas





deste sistema e practícanse durante semanas ata alcanzar un nivel de precisión e entendemento claros. A música Karnática non so utiliza este complexo sistema na súa música senón que ten un método concreto de ensinanza analítico e práctico simultaneamente.

Nos últimos dous meses de clases, organizarase ao alumnado para executar música contemporánea nun concerto final, ben sexa como solistas ou en dúos, tríos, etc. ou en formato de ensamble dependendo das especialidades instrumentais de cada alumno/a. Este proceso propicia, coa axuda do profesor, que o alumnado poda analizar e aplicar as técnicas aprendidas durante o curso.

En xeral, o afianzamento do sentido rítmico (que adquire toda unha nova dimensión) e os coñecementos que se adquiren nesta materia constitúen unha formación idónea para todos aqueles que decidan continuar os seus estudos instrumentais cunha educación de excelencia no Grao Superior, pero resultará tamén de especial utilidade para os que queiran encamiñarse cara o jazz e a improvisación, ou calquera outra especialidade. Os conceptos de polirritmia, polipulsos e figuras irregulares usados na música Karnática, proveñen dun método flexible co que o estudante pode experimentar sen necesidade de intentar copiar a música e estética Karnática en si. Así, o alumno pode traballar cos conceptos e técnicas para crear e improvisar obras de jazz contemporáneo con calquera estética que desexe.

**Os cursos 2019/2020 e 2020/2021 víronse influídos pola emerxencia sanitaria derivada do COVID19, que supuxo mesmo a suspensión das clases presenciaís. O alumnado e profesorado continuaron, na medida das posibilidades, co traballo a distancia con tarefas adaptadas ás circunstancias. Por iso, esta programación didáctica adáptase para poder desenvolverse de xeito telemático sen que repercuta en gran medida na calidade do ensino.**

- Marco Legal

Para a elaboración/actualización desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:





- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.



- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

- Características do centro

A cidade de Santiago de Compostela, na que se sitúa este conservatorio conta na actualidade no seu ámbito musical con unha Orquestra Sinfónica profesional, a Real Filarmonía de Galicia, con un nivel moi alto e unha programación estable coa súa sé no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte con unha programación musical estable. Conta tamén con unha Banda de Música Profesional, A Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

- Características do alumnado





O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo con un nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., con unhas inquedanzas distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable mais, Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.

## 1. Metodoloxía

---

A materia optativa de Fundamentos de Música Contemporánea presenta a particularidade de estar dirixida ao alumnado de varias especialidades instrumentais de 6º Curso do Grao Profesional, por tanto con diferentes características, estados evolutivos e niveis instrumentais. Isto débese ter en conta á hora de establecer unha metodoloxía válida e axeitada para cada conxunto.

- Os principios metodolóxicos xerais da materia son:





- Principios de **actividade e participación**: daremos ao alumnado un papel activo no seu aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas...), o dos seus compañeiros (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos...) e a evacuación dos mesmos (autoevaluación e coevaluación). Trataremos de facer partícipes da sesión a todo o alumnado en todo momento, para iso evitaremos as actividades eliminatorias e con longas esperas.
- Principios de **motivación e autoestima**: no comezo e final das sesións procuraremos realizar una explicación ou reflexión de carácter motivante, que leve aos alumnos/as a una situación que facilite a súa maior implicación no proceso de ensino – aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as non o sexan mediante distintos mecanismos de *feedback* nas que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.
- Principios de **aprendizaxes significativos**: de acordo ca concepción constructivista do aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os de outras materias (intradisciplinares), téndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.
- Principios de **globalización**: o tratamento dos contidos obxecto do aprendizaxe estruturase de forma interrelacionada dentro de cada curso

En base a estes principios xerais, empregarase unha metodoloxía de tipo teórico-práctica, a base de explicacións teóricas, demostracións prácticas, e a propia práctica (dentro e fora da aula) das técnicas explicadas.

As exposicións de conceptos e ideas por parte do profesor estarán seguidas inmediatamente por un estilo máis propositivo que fomente a creatividade. O profesor





crea agora un proceso activo con actividades abertas (que non esixen unha resposta única), motivadoras (que estimulen ó alumno), diversas (que se podan presentar en diferentes graos de dificultade e evitan a monotonía) e significativas (que aporten un novo aprendizaxe). O alumno vese pois, involucrado cunha participación activa en tódalas clases, podendo experimentar os coñecementos que vai adquirindo a través do seu propio instrumento, da escritura de frases rítmicas da súa propia invención, da audición de exemplos tanto de música india como de música contemporánea ou da análise rítmica dalgunhas partituras de música contemporáneas.

Fomentarase o traballo en conxunto, por exemplo mediante os exercicios prácticos, que na clase, sempre se realizarán en pequenos grupos cos compañeiros e/ou co profesor.

Durante o ano o nivel de complexidade dos conceptos a traballar vese incrementado progresivamente. O traballo dos últimos dous meses encamiñado a interpretación en público de música contemporánea dálle un sentido real e significativo a todo o aprendido ó longo do curso.

A *ratio* que establece a materia dispón grupos pouco numerosos nas clases, de entre 2 e 6 alumnos, o que favorece a comunicación entre profesor e alumno e unha atención case individual. Este factor resulta idóneo para atender a calquera continxencia do alumnado, considerar actividades de reforzo, etc..e tamén para a atención á diversidade (atención que se pode ver apoiada ademais pola natureza dos exercicios que se fan na clase, que propician o traballo en grupos de 2, 3 persoas por separado, ou de todo un grupo xunto, profesor incluído).



## 2. Atención á diversidade

---

A particularidade do alumnado con necesidades educativas específicas corresponderase cunha resposta educativa específica. Como medida de atención a diversidade débese adaptar o como ensinar. Por suposto, cada caso necesitará dun estudio e resposta concreta. Ese rigoroso estudo será o que realmente nos de as respostas para decidir que medidas tomar ante situacións que poden ser de índole moi variable. En calquera caso, algunhas posibles opcións metodolóxicas para esta materia serán:

- Secuenciar a tarefa ou destreza a ensinar incorporando maior número de pasos. É importante por exemplo, non impor exercicios rítmicos que resulten imposibles. A accesibilidade da meta ademais pode ser un factor determinante da motivación.
- Dar axudas adecuadas , dependendo da dificultade da tarefa en relación cas súas propias necesidades educativas. (axudas físicas, verbais e visuais)
- Modificar/introducir/eliminar actividades deseñadas, de acordo cas posibilidades do alumno para que lle saque o maior partido posible.
- Nas actividades en grupo, situalo con aqueles compañeiros cos que poda aprender mellor.

## 3. Temas transversais

---

O tratamento de contidos transversais é imprescindible para a formación integral dos alumnos e alumnas. Representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade. Son contidos de ensinanza esencialmente actitudinais que responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo.



### 3.1 Educación en valores

A Educación Musical, debido ao seu carácter aberto e participativo, é unha área privilexiada para a incorporación dos temas transversais. En concreto na materia de Fundamentos de Música Contemporánea faremos especial fincapé, entre outros, aos seguintes:

- Educación para a igualdade de oportunidades entre ámbolos sexos
- Educación para a saúde
- Educación para o ocio
- Educación ambiental
- Educación para a paz
- Educación do consumidor

Ademais, ao longo do curso o Centro organiza periodicamente actividades nas que todos estes aspectos están moi presentes, falamos de actuacións, intercambios con outros conservatorios, conferencias, cursiños, e, principalmente, de concertos solidarios en favor de diferentes institucións comprometidas coa nosa sociedade.

### 3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)

Nesta materia, dado o carácter principalmente auditivo e visual, de moitos dos contidos formulados, o uso das TIC´s pode complementar, e mesmo facilitar en boa medida o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Ademais da utilización da pizarra electrónica, no caso de dispoñer dela, é probable que en moitas ocasións se recorra a materiais audiovisuais, tanto vídeos coma audio, para complementar a modo de exemplos prácticos o tratado en cada unha das sesións de clase. Así mesmo, se se estima convinte, achegaráselle ao alumnado material en formato electrónico (textos, gráficos, etc.) que poida axudar á comprensión de calquera



dos contidos ou poida complementalos. Así mesmo poderase recomendar á escoita de gravacións polos medios dos que se dispoña (spotify, youtube...) e tamén poderase facer uso dunha aulavirtual da materia, a criterio do profesor.

Non se permitirá a gravación en vídeo e/ou audio ou a toma de fotografías nas sesións de clase se non é co permiso explícito do profesor e dos alumnos e alumnas implicados, e sempre e cando sexa por motivos estritamente pedagóxicos.

Nestes aspectos exírase en todo caso polas normas establecidas no centro, e faise fincapé nas seguintes modificacións do NOF do Conservatorio:

#### MODIFICACIÓNS NAS **NOF** DO CENTRO

1. Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquer outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice, sexa con fins didácticos e así se teña recollido na Programación Didáctica da materia correspondente (apartado referente as TICs).
2. Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquer dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguemento) agás CENTROSNET e TOKAPP, e a súas aplicación para dispositivos móbiles.
3. Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquer dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.), se dita aplicación se así se recolle na Programación Didáctica da materia correspondente (apartado referente as TICs).
4. Para o uso de calquer outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguemento ou avaliación do alumnado, deberáse pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.





5. No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do mobil ou de calquer outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

## 4. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Fomentarse a asistencia dos alumnos e alumnas a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fóra do centro sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

En todo caso, as actividades extraescolares que organice o Centro serán definidas a comezo do curso dentro do Programa de actividades culturais e de Promoción das ensinanzas.

En calquera caso as actividades complementarias e extraescolares que organice o Centro, ou nas que participe activamente, relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.

**Para a realización destas actividades, adaptaránse ás instrucións e directrices que o Centro xunto cas autoridades sanitarias determinen en relación á situación do COVID19.**





## 5. Secuenciación do curso

---

### 5.1 Curso: 6º do Grao Profesional

#### 5.1.1 Avaliación inicial

Na primeira semana do curso, o profesor/a realizará unha avaliación inicial do alumnado para recoller datos sobre o estado emocional do alumnado, das dificultades que puideran ter a nivel de conexión a internet (por se fose preciso realizar docencia non presencial) e outros aspectos que considere de especial interese.

#### 5.1.2 Obxectivos

1. Adentrarse nas diferentes correntes musicais dende o Século XX ata a vangarda actual; o seu repertorio, estéticas, novas grafías e novas técnicas instrumentais estendidas que conlevan.
2. Adquirir unha formación teórico-práctica complementaria á que tradicionalmente se imparte nos cursos de Linguaxe Musical, que axude ao alumnado a enfrontarse ás características do repertorio contemporáneo.
3. Aprender un sistema organizado para a práctica e estudo das dificultades rítmicas que se podan atopar na interpretación do repertorio actual.
4. Coñecer e acercarse someramente á teoría e práctica musical de culturas moi diferentes á nosa, valorando a súa calidade e nivel de complexidade.
5. Valorar a influencia que as tradicións musicais de diferentes orixes tiveron no desenvolvemento da música contemporánea occidental, á que prestaron non só as súas técnicas, senón tamén o seu estilo e espírito. Apreciar aqueles elementos dos seus sistemas musicais que amplían posibilidades musicais para a interpretación e a composición.





6. Interpretar obras ou fragmentos de obras contemporáneas que presenten elementos característicos de vangardas.

- Ensinanza Semipresencial ou Non presencial: no caso de que as circunstancias sanitarias así o requiran, os obexctivos específicos e imprescindibles que se deben traballar son: 1, 2 e 3.

### 6.1.1 Contidos

#### ■ FUNDAMENTOS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA

- Novas linguaxes e estéticas musicais: contextualización
- Novas técnicas estendidas de interpretación nos instrumentos
- Novas Grafías.
- Música electrónica
- Elementos rítmicos na música contemporánea.
- Interculturalidade: As músicas de diferentes culturas na música occidental do Século Vinte e contemporánea. Gagaku xaponés, Gamelán e Música Karnática

#### ■ VANGARDAS MUSICAIS

- Correntes e estéticas de vangarda
- Diferentes técnicas actuais de composición
- Intérpretes de música contemporánea
- Novas Ensembles

#### ■ RITMO AVANZADO A TRAVÉS DE TÉCNICAS NON OCCIDENTAIS

- Música Karnática: Introducción á música do sur da India. Os Ragas e a microtonalidade. Música cíclica, Talas. Gamakas, técnicas instrumentais ampliadas.
- Ritmo interno







- Conceptos de *Gati* e *Jathi*. Exercicios *Solkatu*
  - Marcos rítmicos e frases musicais. Equivalencia dos termos na linguaxe occidental. Henry Cowell. Ligeti. Charles Ives.
  - *Sangathi rítmico* e *Gati Bedham*.
  - *Anuloma-pratiloma*. Ligeti.
  - Poliritmia y Polipulso. *Nadai Bedham*.
  - Modulacións métricas e outras proporcións temporais na nosa música occidental. Elliot Carter, Henry Cowell, sistemas de proporcións entre os valores das figuras ou ás referencias metronómicas. Compases inusuais. Notación mensural no Renacemento.
  - Amalgama interna. *Jathi Bedham*. Figuras irregulares. Stravinsky. Messiaen.
  - *Mukthays*, frases *yati*. Minimalistas. Ligeti. Rafael Reina.
- INTERPRETACIÓN DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA
- A práctica no instrumento de música contemporánea: preparación de fragmentos ou obras do repertorio contemporáneo.
  - Análise e resolución de pasaxes rítmicos específicos de partituras de música contemporánea.

- Ensinanza Semipresencial ou Non presencial: no caso de que as circunstancias sanitarias así o requiran, os contidos específicos e imprescindibles que se deben traballar son os agrupados nas epígrafes “Fundamentos de Música Contemporánea” e “Vangardas musicais”.

### 6.1.2 Avaliación

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que





permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso **obxectiva**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, **transparente**, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e **accesible**, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

### Criterios de avaliación

- Coñecer e recoñecer as diferentes correntes e estéticas da música do Século Vinte e Vinte un e da influencia que tiveron desas músicas étnicas, e en concreto da india.
- Familiarizarse cos novas grafías das partituras vangardistas e as novas técnicas instrumentais.
- Valorarase a evolución e destreza conseguida polo/a alumno/a nas diferentes técnicas rítmicas explicadas.
- Valorarase o achegamento do alumno á teoría musical Karnática.
- Valorarase a capacidade do alumno para resolver por si mesmo as diferentes dificultades propias do repertorio contemporáneo.
- Valorarase a actitude de colaboración e respecto nas actividades en grupo cos/as compañeiros/as da aula.
- Valorarase o entusiasmo e a asiduidade na participación nas actividades organizadas na aula.
- Valorarase a interpretación en publico de fragmentos/pezas enteiras de música contemporánea. Teranse en conta as dificultades rítmicas específicas da peza a





interpretar, o entendemento da grafía así como a sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do instrumento

## Mínimos esixibles

### 1º TRIMESTRE

- Facer unha exposición oral sobre algún dos temas tratados na clase, ben sexa un monográfico sobre un autor ou sobre estéticas musicais de vangarda (a escoller polo alumno/a co visto bo do profesor).

### 2º TRIMESTRE

- Resolver con desenvolтура exercicios rítmicos, tamén de polirritmias e polipulsos dos traballados na aproximación á teoría musical Karnática.

### 3º TRIMESTRE

- Interpretar con certa corrección técnica e estilística, amais dun equilibrio sonoro axeitado, algunha pasaxe do repertorio escollido polo profesor/a para o curso sendo significativo para a práctica de música contemporánea co instrumento

## Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación da aprendizaxe do alumnado é continua e personalizada. Cualificarase ós alumnos e alumnas, ó menos, en tres sesións de avaliación, coincidindo co final do trimestre. Os resultados da avaliación final exprésanse mediante escala numérica do 1 ó 10 sen decimais, considerándose positivas as cualificacións de cinco e superiores, e negativas as inferiores a cinco. Para obter a cualificación de 5 nesta materia optativa, o alumno/a deberá asistir con regularidade ás clases e adoptar un comportamento correcto e respectuoso no aula; así mesmo o rendemento de traballo e o ritmo de aprendizaxe permitiranlle realizar unha serie de exercicios rítmicos e por en práctica co seu instrumento pasaxes concretos de obras de música contemporánea. Mediante





boletíns informativos, cada trimestre comunícaselle aos pais e alumnos a evolución do curso, a parte xa das horas semanais de titorías e a comunicación na aula.

Ao comezo do curso aplicarase unha avaliación inicial que determine os coñecementos previos do alumnado na materia así como as súas condicións xerais. Esta avaliación será indispensable para trazar o plan de traballo. Tamén se levará a cabo unha avaliación formativa, que permite adaptar o proceso de aprendizaxe segundo a situación de progreso ou estancamento ou ante dificultade ou aspecto observado.

O principal instrumento avaliador será a observación directa por parte do profesor da evolución do alumno durante todo o curso. Outros procedementos son a análise das tarefas, intercambios orais en debates e probas específicas. O profesor poderá dispor de dous mecanismos de avaliación puntual, mediante exames ou mediante audicións. Co exame, o profesor valora o rendemento do alumno e o seu entendemento dos conceptos teóricos así como a evolución nas súas habilidades rítmicas. A través das audicións ou concertos programados polo centro, o profesor valora o comportamento do alumno así como a cantidade e nivel de dificultade do traballo presentado.

Na medida en que se refire ós procesos mesmos da ensinanza, os datos subministrados pola avaliación serven para que o profesor dispoña de información relevante co fin de analizar criticamente a súa propia intervención educativa e tomar decisións ó respecto. Para elo, a información subministrada pola avaliación continua dos alumnos debe relacionarse cas intencións que se pretenden e co plan de acción para levalas á cabo. Avalíase por tanto, a programación do proceso de ensinanza e a intervención do profesor como organizador de estes procesos.

Durante o curso desenvolveranse diferentes actividades que tamén servirán como ferramentas de avaliación:

- Exposicións teóricas, charlas e debates na clase
- Audición de exemplos musicais que ilustren os compositores e obras clave da música contemporánea contemporáneos.





- Cada alumno/a elaborará unha exposición monográfica ao resto de compañeiros/as sobre un compositor proposto polo profesor.
- Audición de exemplos de técnicas e música karnática.
- Practica de exercicios rítmicos.
- Escritura de diferentes frases rítmicas e microtonais.
- Exploración das posibilidades sonoras dos instrumentos así como das novas grafías e medios electroacústicos.
- Análise interpretativa de partituras que presentan dificultades propias do repertorio contemporáneo.
- Lectura de pezas/pasaxes fáciles que conteñan elementos vistos na clase.
- Concerto público final

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o **profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clase** do que será responsable el mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado. **O rexistro de seguemento do alumnado é o principal instrumento de avaliación continua que ten o profesorado.**

### Criterios de cualificación

**20%** da cualificación: respecto ás normas básicas con interese fronte a materia e participación activa en cada sesión, actividade e/ou concerto.

**40%** da cualificación: coñecemento dos diferentes aspectos históricos, estéticos e técnicos da música actual demostrado nas diferentes sesións de clase e probas puntuais.



**40%** da cualificación: traballos presentados e exposición na clase dos mesmos, tanto individuais ou por grupos.

### **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F do Centro (dispoñibles na páxina web).

#### **6.1.3 Medidas de recuperación**

##### **Procedementos de recuperación ordinarios**

- Perda de avaliación continua

**Recuperación no caso de que a avaliación continúa non sexa posible:** Segundo se reflicte no NOF, o sistema de avaliación para o alumnado que non poida avaliarse de forma continua por ausencias reiteradas ás sesións de clase é o seguinte está regulado.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proa cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:





- **100%** da cualificación: presentación dun traballo sobre un tema tratado na clase e co visto bo do profesor, e defensa do mesmo (oral).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

### Probas extraordinarias en xuño

No caso de que o alumno no alcance os obxectivos do curso e obteña na avaliación de maio unha cualificación inferior a 5, contará cunha proba extraordinaria en xuño, que consistirá en amosar, a través dunha proba práctica, que asimilou os contidos mínimos do curso recollidos nesta programación.

A proba consistirá en:

**100%** da cualificación: presentación dun traballo sobre un tema tratado na clase e co visto bo do profesor, e defensa do mesmo (oral).

#### 6.1.4 Recursos didácticos

- Material utilizado na materia
  - Aula amplía para poder realizar varios exercicios rítmicos en pequenos grupos simultaneamente.
  - Material audiovisual: equipo de son e de vídeo. Proxector e pantalla. O concerto final e a súa preparación poderían precisar tamén de mesa de mezclas, microfonía e altofalantes.
  - Metrónomo e papel pautado para a realización de exercicios rítmicos.
  - Ordenador con conexión a internet





- Bibliografía básica para uso do alumnado (pequena referencia a publicacións dispoñibles na biblioteca do centro)
  - Brindle, R. S. (1987). *La nueva música: El movimiento avant-garde a partir 1945*. Bos Aires, Arxentina: Ed. Ricordi.
  - Griffiths, P. (2010). *Modern Music and After*. Nova York, Estados Unidos: Oxford University Press. [terceira edición].
  - Lester, J. (2005). *Enfoques analíticos de la música del siglo XX*. Madrid, España: Akal Música.
  - Locatelli de Pérgamo, A. M. (1973). *La notación de la música contemporánea*. Bos Aires, Arxentina: Ed. Ricordi.
  - Machlis, J. (1975). *Introducción a la música contemporánea*. Bos Aires, Arxentina: Ed. Marymar.
  - Marco, T. (2003). *Historia de la música occidental del siglo XX*. Madrid, España: Ed. Alpuerto.
  - Marco, T. (2007). *La creación musical en el siglo XXI*. Pamplona, España: Cátedra Jorge Oteiza, Universidad Pública de Navarra.
  - Morgan, R. P. (1999). *Antología de la música del siglo XX*. Madrid, España: Akal Música.
  - Pablo, L. d. (2009). *Una historia de la música contemporánea*. Bilbao: Fundación BBVA.
  - Ramos, F. (2013). *La música del siglo XX*. Madrid, España: Turner Publicaciones S. L.
  - Schoenberg, A. & Kandinsky, W. (1984). *Letters, Pictures and Documents*. Faber and Faber.







## 7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

---

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estes aspectos, así coma calquera outra idea ou proposta de mellora será incluída na memoria final do departamento, xa que serviran de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso. Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Dende o departamento de tecla para avaliar esta programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

- **Obxectivos:** adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro
- **Contidos:** validez na súa elección con respecto aos obxectivos plantexados e adecuación ao nivel do alumnado
- **Actividades:** atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe
- **Criterios metodolóxicos:** adecuación e coherencia dos mesmos
- **Os medios e recursos:** avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.
- **A avaliación:** idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos; entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos; e





correlación entre os criterios de avaliación, os mínimos exixibles e os criterios de cualificación.

- Alumnado: relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.

## 8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

---

A Materia de Fundamentos de Música Contemporánea está adscrita ao Departamento de Tecla, polo que os profesores que imparten a materia participaran na avaliación deste departamento.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Na memoria final do Departamento de Tecla farase constar todos os aspectos ou acordos relevantes a este respecto, e a ter en conta de cara ao curso seguinte.

Neste proceso tamén se terá en conta a análise das enquisas de satisfacción do alumnado, así coma posibles aportacións que xurdiran nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, ou do resto do profesorado do centro.

Ademais, nas reunións do departamento trataranse outros aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento ou o centro para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.



## 9. ANEXOS

---

### 9.1 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a *Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza*, o premio fin de grao concederáse ao alumnado que cumpla os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

O departamento didáctico correspondente a especialidade instrumental do alumno/a establecerá os criterios valorativos para a obtención de dito premio.